



A Armillaria

Un grave problema das plantacións de piñeiros de Galicia

Francisco J. Fernández de Ana Magán
Jaime B. Blanco Dios

Sección de Fitopatoloxía do Centro de Investigacións Forestais e Ambientais de Lourizán

A incidencia dos fungos do xénero *Armillaria* sobre as especies arbóreas en Galicia non é nada novo. No Centro de Investigacións Forestais e Ambientais de Lourizán levamos moitos anos atendendo numerosas consultas formuladas por particulares sobre ataques deste patóxeno a diversas árbores, ben sexa de interese forestal (piñeiros, eucaliptos...) como ornamentais ou froiteiras (magnolias, salgueiros choróns, maceiras...).

Dentro desta normalidade da presenza de *Armillaria*, vense detectando nos últimos anos importantes danos en repoboados, tanto de piñeiro bravo (*Pinus pinaster*) como de piñeiro insigne (*P. radiata*), causados por este fungo. O xénero *Armillaria* está representado basicamente en Galicia polas especies *Armillaria gallica* Merxm. et Romagn., *A. mellea* (Vahl.: Fr.) P. Kumm. e *A. osto-*

yae (Romagn.) Herink, sendo esta última a que máis a miúdo afecta ós piñeirais galegos.

Sintomatoloxía

En xeral, os síntomas do ataque veñen definidos pola morte das árbores nun curto período de tempo. As plantas afectadas amosan fortes cambios na cor da totalidade da súa follaxe, pasando do verde propio dunha planta sa a un amarelo palla propio do efecto dunha forte seca; ó mesmo tempo, as agullas mantéñense amarradas á planta pero flácidas, perdendo turgencia e brillo. Días despois comezan a virarse avermelladas e, finalmente, castañas, cor propia dunha árbore que seca de súpeto. Nesta evolución mantén as agullas amarradas á planta durante varios meses, período no que a planta xa é atacada intensamente por insectos xilófagos corticais que furan a madeira.

Este proceso de seca rápida débese a que este fungo penetra pola raíz, invade os tecidos a nivel do cambium da mesma, por onde circula a seiva, chega ó pé da árbore e, alí, rodea o fuste e produce o corte total do fluxo de alimento á parte aérea. Cando falla este rego a árbore seca en pouco tempo, despois de consumir as reservas almacenadas nos seus tecidos.

Xeralmente, o conxunto das plantas mortas por este ataque vese formando manchas máis ou menos continuas que indican o sistema de espallamento deste patóxeno polo solo. No outono, pódense atopar as fructificacións (cogumelos) deste fungo na base ou nas proximidades das árbores afectadas.

